<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). - O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. - As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase dunha metodoloxía onde o alumnado será o verdadeiro protagonista para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador e de carácter interdisciplinar.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas. Neste último caso, axudarémonos do uso das TIC, TAC primando os materiais visuais. Tamén terá cabida os recursos manipulativos.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Son fundamentais os retos; situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

Primeiro trimestre:

O reto consiste na reflexión sobre a importancia dos mares, a riqueza de vida que albergan e as accións encamiñadas á súa conservación. Neste primeiro reto, incídese nos seguintes aspectos:

A investigación e a ampliación de coñecementos sobre os mares para tomar conciencia do papel que os seres humanos debemos adoptar na súa conservación (pensando na contorna próxima).

A comunicación dos resultados destas investigacións para informar e implicar ao maior número posible de persoas nas iniciativas relacionadas coa súa conservación.

O papel dos mares no conxunto da natureza, como fonte de vida e hábitat dun gran número de especies.

O valor do mar como fonte de riqueza, aproveitando facer unha saída a contorna.

Segundo trimestre:

Neste reto expón a reflexión sobre a presenza da muller en diferentes ámbitos ao longo da historia. Trátase de que o alumnado tome conciencia do papel que as mulleres xogaron en todas as épocas e como ese papel non se visibilizou ou se ocultou en moitos casos. Pon foco en que o alumnado deberá deseñar unha enquisa cooperativa sobre o traballo e establecer unha análise comparativa a partir dos datos obtidos.

Destacaránse os seguintes aspectos:

Sensibilización ao redor da igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

Desenvolvemento de estratexias e habilidades de observación, investigación e comunicación.

Interpretación e comparación de datos en táboas e gráficos.

Actitudes de empatía, respecto, participación activa e corresponsabilidade.

Terceiro trimestre:

Con este reto elaboramos unha obra de teatro co fin de reflexionar sobre as diferenzas entre etapas da historia (Idade Media e Moderna).

Participación en situacións de debate en relación a cultura (música, gastronomía, vivenda, organización política..)

Estratexias de análises de datos e investigación.

Participación en procesos creativos de deseño.

Capacidade de comunicación e argumentación, e competencia crítica.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador personal
Ordenador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas ,lapis, goma,...)
Computadores (Sala informática)
Evocación Santillana
Globo Terráqueo
Mapas e planisferios
Libreta
Kahoot
Genially, Canva
Writer // Word
Impress // Powerpoint
Aula virtual do centro Ceip Vixe do Mar (recursos, tarefas ou contidos H5P)
Google Earth
Educaplay// Smile and Learn// Instagram // Pinterest

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , empregamos distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e grupais.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

Ademáis teremos en consideración aquel alumnado que ten a área de Ciencias Sociais do curso anterior con cualificación negativa.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	13	12	12	12	12	13	100
Proba escrita	60	60	60	60	70	60	60	60	61
Táboa de indicadores	40	40	40	40	30	40	40	40	39

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das dúas unidades didácticas que compoñen o trimestre e o reto.

Para cualificar cada unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como rúbricas, listas de control, portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta, cuestións de verdadeiro e falso...) ao remate de cada unidade didáctica.

A maiores, iránse decindo en cada unidade didáctica unha actividade voluntaria que subirá nota ao remate do trimestre (0,2 por tarefa).

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Concretamente, no

curso contamos con alumnado con ACS, dous diagnósticos de dislexia, outros dous con Necesidades Educativas Especiais, alumnado TEA e varios con dificultades específicas de aprendizaxe.

O traballo atópase coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado sendo fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe

Ademais dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso e áreas con cualificacións negativas polo que aplicaremos un plan específico de reforzo. En todo momento, levaranse a cabo medidas de atención á diversidade de carácter ordinario como o reforzo educativo, apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria, apoio da mestra de PROA + ou adaptacións de tempos e instrumentos de avaliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable			X	X		X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X		X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito				X	X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a creatividade ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto a 1,2,3,4 e 6.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización de obradoiros en Pedroso.	Vivenciar de primeira man a reciclaxe para unha vida sustentable.	X		
Visita a empresa Bonilla en Arteixo.	Coñecer o funcionamento dunha empresa pertencente ao sector secundario.		X	
Visita ao museo-fortaleza de San Paio de Narla (Friol)	Saber como vivían e as costumes que tiñan na época medieval.			X

Observacións:

As actividades complementarias formuladas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais formulados.
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro.

Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado.
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE.
Clima de traballo na aula
Conseguise motivar ao alumnado.
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas.
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente.
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso.

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Para elo botaremos man de listas de control, cuestionarios e rúbricas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, coa finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Así como unha pequena enquisa cuberta polas familias de forma voluntaria.

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

Esta é una programación didáctica pensada, orientada e elaborada para a área de Educación Física, e concretamente, para o quinto curso de Educación Primaria. Partimos dun marco legislativo establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE). É este marco legislativo, a LOMLOE a que xustifica unha necesidade de adaptar o sistema educativo aos novos retos propostos neste século XXI. Entre estes desafíos cabe destacar os Obxectivos de desenvolvemento sostibles ODS propostos pola ONU na súa axenda 2030. Este será o fío condutor da programación que teñen nas súas mans, unha escola do século XXI que traballe polo cambio social, transformando ao noso alumnado en promotores e promotoras de ese cambio.

E a consecución de este cambio será tendo en conta a diversidade do meu alumnado, os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, intereses, capacidades, etc. Por este motivo, e seguindo tamén as pretensións da LOMLOE, esta programación didáctica segue os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) a través de Tarefas de Aprendizaxe Integradas (TAI), co obxectivo de que todo o alumnado sexa quen de acadar o máximo das súas posibilidades, sen que o currículo supoña unha barreira e avanzando en cada UD en máis dunha CC, convertendo este documento nun proxecto competencial e inclusivo.

Esta programación está planificada tamén en base aos diferentes documentos do centro, tendo en conta os Elementos Transversais, a Educación en Valores, e os diferentes Programas educativos.

Contextualización

Centro: CEIP Plurilingüe Virxe do Mar

Nº de unidades: 12. (3 en EI e 9 en EP).

Nº de alumnos/as: 18. (10 nenos e 8 nena)..

Instalacións: ximnasio, patio cuberto e patio ao aire libre.

Xornada: única (9:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aceptamos o reto	Propoñémoslle ao alumnado converterse en promotores do cambio. Repasamos as normas e reforzamos o sentimento de grupo a través dos retos cooperativos	4	5	X		
2	A saúde é o primeiro	Traballamos hábitos saudables para acadar ese ODS Nº3 Saúde e benestar, a través dos hábitos alimenticios e posturais.	10	5	X		
3	En forma. Dafis	Traballamos as capacidades físicas básicas como condicionantes da saúde a través de circuítos e de xogos. Poñemos a proba a nosa condición física a través do programa DAFIS, levando a cabo as probas físicas contidas en dito programa	10	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Un aceno vale máis que mil verbas	Traballamos a expresión corporal achegándonos ás orixes do deporte e con algunhas actividades rítmicas	8	6	X		
5	Escolas de danzas	Traballamos as actividades rítmicas e as danzas e bailes populares de Galicia. Introducimos os videoxogos e a gammificación para motivar ao alumnado	8	6	X		
6	Citius, altius, fortis	Traballamos a iniciación deportiva, comezando por un deporte individual, considerado o deporte rei, o atletismo	8	6		X	
7	En garda	Traballamos un deporte de adversario como é a esgrima, pouco coñecido e sen estereotipos de xénero asociados na nosa aula, avanzando cara ao novo ODS deste trimestre, o nº5 Igualdade de xénero,	8	5		X	
8	Benvid@s a Hogwarts	Neste caso traballamos un deporte imaxinario, coma o Quidditch, a través dunha UD gammificada.	7	5		X	
9	Fortnite	Introducimos un videoxogo na escola, facendo del unha actividade igualitaria, cooperativa, pacífica e activa. Traballamos as estratexias de cooperación/oposición dos deportes de equipo e gamificamos a unidade para engadir motivación.	7	6		X	
10	Cambiamos e creamos	Introducimos un novo reto cara ao ODS nº12 Produción e consumo responsable, a través dos materiais propios da área, e tomando como principio de actuación o das tres R: reciclar, reutilizar e reducir. Traballamos xogos cooperativos con materiais auto construídos	10	7			X
11	E vós, a que xogabades?	Continuamos a traballar co material auto construído e reciclado, nesta ocasión a través dos xogos populares e tradicionais. Repasamos o aprendido das danzas populares galegas.	10	7			X
12	Aventuras no patio	Iniciámonos na orientación como disciplina deportiva, traballando con mapas, planos e compás.	10	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aceptamos o reto	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Máis de 5 respostas correctas sobre 10 na ficha de preguntas.	PE	20
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Na metade das ocasións observadas recoñece eses efectos beneficiosos.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Nivel aceptable na táboa de indicadores.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Na metade das ocasións observadas identifica esas condutas negativas.	TI	80
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Nivel aceptable na táboa de indicadores.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Nivel 3 sobre 5 na táboa de indicadores		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física:
- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.
- Saúde social:
- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.
- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.
- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.
- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer).
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

UD	Título da UD	Duración
2	A saúde é o primeiro	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Responde de xeito acertado a lo menos a 5 das preguntas propostas.	PE	15
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Na metade das ocasións observadas integra as rutinas saudables e responsables propostas.	TI	85
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Mellora os seus hábitos de vida en relación ao cuestionario de inicio de curso en a lo menos unha terceira parte dos propostos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Na metade das ocasións observadas integra as rutinas saudables e responsables propostas.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Nivel 3 da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables. - Educación postural en accións motrices específicas. - Responsabilidade persoal no coidado do corpo. - Saúde social: - Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais. - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.

UD	Título da UD	Duración
3	En forma. Dafis	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Mais de 5 respostas correctas	PE	15
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Nivel aceptable da táboa de indicadores	TI	85
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Na metade das ocasións observadas recoñece e rexeita eses comportamentos e estereotipos		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nivel aceptable da táboa de indicadores.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Educación postural en accións motrices específicas. - Saúde social:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. - Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).

UD	Título da UD	Duración
4	Un aceno vale máis que mil verbas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores	TI	100
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Na metade das ocasións observadas participa con boa predisposición		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel 2 da táboa de indicadores		
CA3.4 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Nivel 2 da táboa de indicadores		
CA5.5 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. - Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Esquema corporal: - Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.

Contidos

- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
5	Escolas de danzas	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA3.4 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta.	TI	100
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Na metade das ocasións observadas participa activamente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Nivel 3 da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. - Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural. - Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
6	Citius, altius, fortis	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Nivela aceptable da táboa de indicadores		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Na metade das ocasións observadas amosa respecto polas normas e regras dos xogos		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Nivel 3 da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo. - Deporte profesional: dimensión social. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero. - Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. - Concepto de fairplay ou xogo limpo.

UD	Título da UD	Duración
7	En garda	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Nivel 3 da táboa de indicadores	TI	100
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Na metade das ocasións observadas participa desde a autorregulación con actitude reflexiva e positiva		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel 3 da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Esquema corporal:

Contidos

- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.
- Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.
- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.
- Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.

UD	Título da UD	Duración
8	Benvid@s a Hogwarts	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nivel 3 da táboa de indicadores	TI	100
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA5.4 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel 3 da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal: - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. - Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.

Contidos

- Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.

UD	Título da UD	Duración
9	Fortnite	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nivel aceptable da táboa de indicadores	TI	100
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Na metade das ocasións observadas adapta as accións motrices a incerteza		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Na metade das ocasións observadas adapta as accións motrices a incerteza		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Na metade das ocasións observadas ten unha actitude correcta		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións: - Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> - Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. - Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).

Contidos
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.

UD	Título da UD	Duración
10	Cambiamos e creamos	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel 3 da táboa de indicadores	TI	100
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Nivel 3 da táboa de indicadores		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Na metade das ocasións observadas respecta as normas		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal: - Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. - Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. - Concepto de fairplay ou xogo limpo. - Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.

UD	Título da UD	Duración
11	E vós, a que xogabades?	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Nivel 2 da táboa de indicadores	TI	100
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Nivel 2 da táboa de indicadores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Na metade das ocasións observadas participa activamente		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. - Toma de decisións: - Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. - Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. - Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
12	Aventuras no patio	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Responde correctamente a cinco das preguntas formuladas na proba escrita	PE	10
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Na metade das ocasións observadas identifica e adopta posturas axeitadas	TI	90
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Nivel 2 da táboa de indicadores		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Na metade das ocasións observadas adopta medidas de seguridade		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nivel aceptable na táboa de indicadores		
CA6.3 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Nivel 3 da táboa de indicadores		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo. - Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. - Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. - Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade

Contidos

- propia e á dos demais.
- Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer).
- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguiremos as recomendacións do D155/2022F, aplicando metodoloxías participativas, inclusivas, comunicativas e activas.

No que se refire aos estilos de ensino de M. Mosston, utilizo principalmente o descubrimento guiado, que implica ao alumnado non só a nivel motriz, se non tamén a nivel cognitivo, afectivo e social, e algunha asignación de tarefas a modo de circuíto. Pero tamén outros estilos metodolóxicos innovadores, inclusivos e motivadoras.

A gammificación, na que aplicamos técnicas, elementos e dinámicas propias dos xogos co fin de potenciar a motivación, a cohesión do grupo. Un exemplo deste tipo de estilo metodolóxico serían as UD N.º 8 Esgrima, N.º 10 Quidditch e N.º 11 Fortnite.

A aprendizaxe cooperativa, que favorece a inclusión, seguindo a estrutura do Puzzle de Aronson, e que axiliza a aprendizaxe de novas habilidades, poñendo ao alumnado como protagonista principal. Será o noso estilo metodolóxico para a aprendizaxe da muiñeira na UD N.º 6.

Finalmente, mencionar a Flipped classroom, que nos permitiraá avanzar contidos a través do uso das TIC, neste caso a AV/ Edixgal, favorecendo tamén a comunicación entre a escola e as familias UD N.º 3, pinceladas dos novos modelos pedagóxicos, o comprensivo, nas UD do 2º trimestre, e como non, O XOGO, como recurso metodolóxico e contido fundamental e imprescindible na nosa etapa e na nosa área. F Tonucci, un recoñecido psicopedagogo e defensor dos dereitos da infancia afirma que " Todas as aprendizaxes máis importantes da vida fanse xogando".

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas retos cooperativos.
Mini conos
Comba longa, combas
Globos, pelotas, balóns multideporte
Tablet e cartons de cores para a resolución do kahoot
Colchonetas, quitamedos
Zancos, raquetas, churros
Grandes materiais como canastras, porterías, espaldeiras...

Utilizaremos todos aqueles que precisemos ao longo do curso escolar, tanto propios coma da comunidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial poderá estar composta por:

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.

- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.
- Habilidades xenéricas: condución e botes cun balón nun recorrido establecido.
- Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).
- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en video para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	10	10	8	8	8	8	7	7	10
Proba escrita	20	15	15	0	0	0	0	0	0	0
Táboa de indicadores	80	85	85	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	0	10	5
Táboa de indicadores	100	90	95

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvollen as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

1º TRIMESTRE (5 UD - 40%):

- UD. 1: 10% = equivalente a un 1,0 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 25% = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 25% = equivalente a un 2,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 20% = equivalente a un 2,0 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 20% = equivalente a un 2,0 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 5)= 10

2º TRIMESTRE (4 UD - 30%):

- UD. 6: 26,66% = equivalente a un 2,66 da nota 2º trimestre.
- UD. 7: 26,66% = equivalente a un 2,66 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 23,33% = equivalente a un 2,33 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 23,33% = equivalente a un 2,33 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 6 á 9)= 10

3º TRIMESTRE (3 UD - 30%):

- UD. 10: 33,3% = equivalente a un 3,33 da nota 3º trimestre.
- UD. 11: 33,3% = equivalente a un 3,33 da nota 3º trimestre.
- UD. 12: 33,3% = equivalente a un 3,33 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 10 á 12)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2023/2024:

- 1º TRIMESTRE (5 UD): 40% equivalente a un 4,0 da nota final
- 2º TRIMESTRE (4 UD): 30 % equivalente a un 3,0 da nota final
- 3º TRIMESTRE (3 UD): 30 % equivalente a un 3,0 da nota final
- ORDINARIA (suma das 12 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non supere a consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos criterios de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase desde un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 1º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopamos alumnado que recibe apoio das mestras especialistas de PT e AL.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X					X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X			X		X	
ET.3 - Educación moral e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación vial								
ET.5 - Educación ambiental								
ET.6 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X			
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres						X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X	
ET.3 - Educación moral e en valores	X	X	X	X
ET.4 - Educación vial				X
ET.5 - Educación ambiental		X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde				
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto e o Samaín	Realizamos unha carreira de orientación terrorífica e unha xornada de xogos populares	X		
Conmemoración do Estatuto de Autonomía	Representaremos a bandeira galega con diferentes figuras de acrosport, feitas por todo o alumnado do centro.	X		
Día da Paz	Intentaremos levar a cabo unha carreira pola Paz		X	
Día das Letras Galegas	Todo o alumnado participa no baile dunha muñeira no patio do centro			X
Xincana natural	Saída a un parque cercano para realizar unha xincana de xogos aproveitando o medio natural no que estamos, e engadíndolle material que levamos do centro.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,... Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.). Alumnado: conseguiuase motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,... Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais. Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa. Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,... Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado.. Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.

- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A área de Educación Plástica e Visual contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz (a través da percepción e da motricidade); intelectual, (grazas a potenciación da intelixencia,) do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo. Tamén destaca polo seu labor social e comunicativo, estimulando a expresividade, a competencia emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e a imaxinación. Ao impartirse en inglés é un bo medio para fomentar a lingua estranxeira. Máis o piar fundamental é a creatividade.

O alumnado explorará as diversas linguaxes así como as distintas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para a creación das súas propias propostas.

Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución das artes

plásticas e visuais, historicamente esquecida. Deste xeito, favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da

sociedade. Farase fincapé na elaboración dun proxecto que xirará a redor da PDI do centro " O cine".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos co traballo!	Iniciamos as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballárase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	25	7	X		
2	Somos creativos?	Refórzase e amplíase os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas do Día da Paz e Non violencia Escolar, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaránse de xeito máis destacado. Tendo en conta a relación co PDI "O cine".	25	6		X	
3	Galegas Letras!	Realizamos diversas tarefas audiovisuais e materiais vencelladas as Letras Galegas.	25	5			X
4	Que sabes?	Iniciase ao alumnado na vida e obra dun artista elixido entre varios. O traballo en parellas e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa.	25	17		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos co traballo!	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza e compara as diferentes texturas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Deseña un obxecto empregando as formas xeométricas aprendida e respectando as normas de aula.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.		
CA2.4.1. - Realización da decoración dunha pedra para o nadal.	Decora unha pedra seguindo varios modelos.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións en relación a PDI.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Coñece a evolución da fotografía dende o branco/negro á cor, formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza obras tendo en conta as posibilidades de expresión.		
CA4.2.1. - Elaborar a portada da área.	Elabora a portada de forma creativa.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a pescuda de material para a elaboración de traballos grupais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.			
Os criterios de cualificación permiten establecer unha nota de 1 ao 10 nas distintas avaliacións (1ª, 2ª, 3ª e ordinaria) , segundo o procedemento e, o seu correspondente instrumento de avaliación e a porcentaxe dentro da materia dese proceso-instrumento de avaliación.

Todos estes elementos resultarán nunha cualificación trimestral e final do alumnado que determinará a súa promoción.

Procedemento - Instrumento de avaliación - Porcentaxe

Análise das producións dos alumnos. Producións orais. 40%

Intercambios orais cos alumnos. Postas en común. 20%

Observación sistemática. Diario de clase. 10%

Análise das producións dos alumnos. Caderno de clase. 30%

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia,o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Unha mesma acción educativa exercida sobre un grupo de alumnos/as ten uns resultados diferentes según o coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Por esta razón debemos atender á diversidade da aula ofrecendo actividades e recursos de ampliación, reforzo, extensión, ou modificando a metodoloxía e presentación dos distintos contidos.

Asimesmo os criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares para os alumnos con necesidades educativas especiais contemplan:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis personalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curricular
- Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
	UD 9							
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X							
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X							
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X							

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse dende a área de LE as saídas propostas polo concello que involucren aspectos culturais ou de idioma relacionados ca materia.	X	X	X
Visitas ao centro.	Actividades coma grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, Magosto, 25 N, Nadal, Entroido, Os Maios, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Christmas, Saint Patrick's Day, Thanksgiving...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados

Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

A programación será revisada e mellorada ó longo do curso (en cada UDI, por trimestres e ao final do curso escolar) segundo as necesidades e evolución da vida na aula, adaptando a mesma as diferentes necesidades individuais ou colectivas, e reflectindo ditos cambios na programación didáctica do nivel. Do mesmo xeito as programacións de aula, ó estaren fundamentadas no exposto na presente programación de nivel, reflectirán os mesmos cambios e melloras.

A nivel de centro temos un documento de auto-avaliación docente que cubrimos ao remate do curso escolar e que contén moita información para sucesivas programacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

1. Introducción

No tocante a área de Lingua Galega e Literatura, faise necesario destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen a súa contorna e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Sen embargo, a lingua vehicular da maioría dos nenos e nenas é o castelán, contando con dificultades para expresarse oralmente en lingua galega.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuizos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pode desaparecer unha illa?	Traballárase un conto. Estudo das palabras e os seus significados. Normas xerais de acentuación. O substantivo. Publicidade e linguaxe literaria.	11	16	X		
2	De quen é o mar?	Apréndese a formular hipóteses. Elabórase unha ficha descritiva. Distínguese palabras monosémicas e polisémicas. Acentuación de ditongo e hiato. Os determinantes.	11	16	X		
3	É verdade ou é unha lenda?	Farase unha descrición. Traballárase a lenda. Palabras homónimas. Acentuación diacrítica. O adxectivo.	11	16	X		
4	Que facemos co lixo?	Traballárase a entrevista. O uso das palabras parónimas. Coñeceranse os pronomes persoais. Aprendemos a buscar información. Practicárase o debate.	12	15		X	
5	Temos as mesmas oportunidades?	Traballárase as emocións, tamén as palabras sinónimas e antónimas. Palabras con b e v. Afondárase no grupo nominal. Teatro.	11	15		X	
6	É de nenos ou de nenas?	Contarase unha experiencia persoal. Elaborárase un informe. O uso de palabras onomatópeicas. Palabras con h xunto co verbo. O texto. Características.	11	16		X	
7	Somos o que queremos?	Explicárase o funcionamento dun aparello. Diferenciáranse palabras simples das compostas. Afondase en palabras con dificultades ortográficas. Ampliarase o verbo.	11	15			X
8	Quen pon os límites?	Elaborárase unha biografía. Aprenderase as palabras primitivas e derivadas. Emprego de signos que pechan as oracións, a raia e as parénteses. Os adverbios e os enlaces. Traballárase un poema.	11	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Quen pon os límites?		11	15			X
9	Como cuidamos o medio?	Elaborase unha carta. O uso da coma e o punto e coma. Diferenciarase o suxeito do predicado. Estudarase a familia de palabras e o campo léxico.	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pode desaparecer unha illa?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un texto breve instructivo de forma comprensiva.	PE	60
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe un texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos instrutivos lidos previamente cun vocabulario adecuado.		
CA1.1.1. - Recitar textos literarios.	É quen de recitar un texto literario.	TI	40
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa, o galego, o castelán e o inglés.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido: escoita outras intervencións; manifesta opinión propia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 segundos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	De quen é o mar?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece o galego, o castelán e o inglés en textos escritos.	PE	65
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e presentación acompañada de imaxes de maneira equilibrada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11.1. - Redactar un decálogo.	É quen de elaborar un decálogo.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais comparadas con conversas docente/discente.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os sustantivos nun texto escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece a totalidade dos sustantivos dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou coa axuda do dicionario.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Recoñece nas conversas os interlocutores e interlocutoras en galego.		
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas cos demais.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa con todos os compañeiros e compañeiras		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Expresa a súa opinión en conversas grupais de maneira activa.		
		TI	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: produción oral - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Procesos: comprensión lectora - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.

Contidos

- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	É verdade ou é unha lenda?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas	PE	61
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabra clave en textos breves		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado		
CA3.7.1. - Facer un ficheiro de lectura	Elabora un ficheiro de lectura con 4 apartados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adxectivos		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece en textos os nomes e adxectivos		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacións propostas na clase		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Utiliza correctamente clasificación na biblioteca na busca de libros por temática		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes	TI	39
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral.
 - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: produción oral
 - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos
 - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
 - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
 - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Procesos: comprensión lectora
 - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
 - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
 - Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
 - Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
 - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
 - Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
 - Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
 - Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas.
 - Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos.
 - Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Que facemos co lixo?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Redacta un resumo de textos narrados con coherencia e claridade	PE	66
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Identifica e clasifica textos segundo o seu formato literario: prosa, poesía.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto narrativo con intención literaria, cunha trama e personaxes definidos.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Identifica textos literarios narrativos fronte a textos instructivos ou informativos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora textos narrativos en prosa nos que da voz aos personaxes.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os determinantes nun texto narrativo breve.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Expresa unha valoración emocional sobre unha breve historia narrada		
CA2.2.1. - Elaborar un debate	Aporta dúas ideas ao debate		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Resume un texto narrativo breve, con vocabulario axeitado.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Interésase polo final de textos narrativos antes de lelos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa lectura fluída en textos literarios narrativos		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Utiliza regularmente os momentos de lectura de xeito adecuado	TI	34
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Aporta opinións persoais nos debates literarios		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Manifesta preferencias por tipo de narrativa ou autor/a.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Rexistra un número de lecturas suficiente, marcado no comezo de curso.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Coñece o funcionamento da biblioteca, e a súa organización para buscar fondos e recursos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Participa activamente en representacións lidas e escenificacións teatrais.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa e mellora textos narrativos previamente elaborados		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.

Contidos

- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
5	Temos as mesmas oportunidades?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e a rima dun poema.	PE	60
CA5.7.1. - Elaborar unha tira cómica	Crea unha tira cómica con catro viñetas.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece algún recurso literario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe progresivamente sen faltas de ortografía progresando nas normas gramaticais.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais sinxelas.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Recita poemas de maneira autónoma de xeito coherente.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le poesía con correcta entoación e ritmo	TI	40
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa a súa valoración sobre poemas e cancións.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte a lectura a través de comunidades lectoras.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Manifesta preferencias dentro do mundo da poesía		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente en foros literarios		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Emprega tono e actitude axeitadas nas representacións literarias lidas ou interpretadas.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Expresa emocións coa lectura e audición de textos literarios poéticos e cancións, con relación ao seu contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada. - Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego. - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Identificación de recursos literarios básicos. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	É de nenos ou de nenas?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5.1. - Expoñer un plan de futuro.	Elabora un plan de futuro coherente de unha carilla.	PE	60
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un autorretrato breve, con características axeitadas.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Utiliza nunha narración propia un vocabulario axeitado e sen redundancias		
CA4.1.1. - Realizar unha enquisa sobre as profesións.	É quen de realizar unha enquisa de cinco preguntas.		
CA4.4.1. - Crear un titorial sobre o uso dun videoxogo.	Crea un titorial coherente dun videoxogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Utiliza as formas verbais de maneira correcta en exemplos comúns.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora textos descriptivos modificando formas verbais sen cambiar o significado		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Mellora a redacción de textos de vivencias persoais logo da súa lectura		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente o b/v en exercicios con vocabulario adecuado		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Nas descricións persoais recoñece aspectos positivos e negativos.	TI	40
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.			
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.		Baleiro	0
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.

Contidos

- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: produción escrita
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da or
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Somos o que queremos?	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Recoñece e comprende distintos tipos de textos.	PE	60
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Explica brevemente un proceso de investigación previo.		
CA4.4.1. - Crear un tutorial sobre o uso dun videoxogo.	Da a coñecer a súa versión do videoxogo.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Diferenza algunhas categorías gramaticais recoñecendo o verbo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.	TI	40
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expón as súas opinións de xeito fluído.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Participa na comunicación respectando a quenda.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa coherentemente as súas opinións.		
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	Escoita as opinións alleas.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Respecta as diferentes opinións a través do pensamento crítico.	Baleiro	0
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de

Contidos

- integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Quen pon os límites?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica linguaxe discriminatoria nun texto escrito.	PE	60
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Produce variedade de textos atendendo as normas gramaticais e ortográficas.		
CA3.7.1. - Facer un ficheiro de lectura	Elabora un ficheiro de lectura sinxelo e cohesionado.		
CA3.7.2. - Elaborar unha noticia	Confecciona unha noticia do seu interese.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.		
CA3.11.1. - Redactar un decálogo.	É quen de realizar un decálogo sinxelo.		
CA5.7.1. - Elaborar unha tira cómica	Elabora unha tira cómica de 4 viñetas.		
CA5.9.1. - Crear un rap.	Elabora un rap contra a violencia de xénero.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora de forma máis comprensiva textos propostos, axudándose do dicionario físico ou dixital.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente aumentativos e diminutivos de palabras dadas		
CA1.1.1. - Recitar textos literarios.	É quen de recitar un poema dun escritor /a galego/a.	TI	40
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe neutral.		
CA2.2.1. - Elaborar un debate	Propón dous argumentos.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Demostra capacidade de enriquecer a súa opinión a través dos argumentos doutros compañeiros e compañeiras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	É propositivo en situacións de conflitos de convivencia.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoa coñecida.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.			
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.			
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.			
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		Baleiro	0
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.			
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Elaborar unha biografía. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral.

Contidos

- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Como coidamos o medio?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas	PE	60
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.	TI	40
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan producir nos medios de comunicación.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Procesos: produción oral - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Xéneros discursivos

Contidos

- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coas áreas de Lingua Castelá e Lingua Inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das demais áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.

Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

- Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

- Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

- Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os e as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.

- Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

- Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumnado quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

- Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais disponibles serán moi útiles.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música popular, etc en lingua galega como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC con texto, gráficos, imaxes, etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátil do lumnado e do docente, e PDI
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción.
Radio escolar e salón de actos
Fontes documentais de internet

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no curso anterior.

-Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.

- Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redación, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

- Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algúnha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	12	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	60	65	61	66	60	60	60	60	60	61
Táboa de indicadores	40	35	39	34	40	40	40	40	40	39

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada unidade, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así, terase en conta diariamente:

- Tarefas realizadas en tempo
- Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.
- Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.
- Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferenzas.

Todos estes indicadores recollidos en rúbricas, listas de control, portfolio do alumnado entre outros instrumentos.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as unidades didácticas, obterase o promedio das tres, e darán a nota da avaliación.

Ponderando as probas escritas un 60% da nota da área.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas.

Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais.

No último período de curso, despois da unidade diáctica 9, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT e/ou AL, mestra do PROA+ de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
- O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X				X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	
ET.6 - Educación emocional e en valores	

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Biblioteca e Axencia de Lectura da Gándara	Fomento da lectura e coñecemento do contorno			X

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada

Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%
Medidas de atención á diversidade
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%)
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%
Grao de motivación continuada do alumnado
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os docentes do nivel
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre os/as mestres/as do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

As matemáticas están presentes en todas as áreas da nosa vida, xogan un papel esencial no desenvolvemento de habilidades que capacitarán ao noso alumnado para afrontar problemas futuros, tanto no ámbito persoal como no ámbito de traballo; promoven o razoamento, a argumentación, a comunicación, a perseveranza, a toma de decisións ou a creatividade.

A través desta programación na área de matemáticas preténdese conseguir que as alumnas/os coñezan a vinculación da área coas outras áreas do coñecemento, que adquirían destrezas para a resolución de problemas, que aprendan a seleccionar as ferramentas máis adecuadas para a súa resolución, a interpretar as posibles solucións e a adoptar as decisións máis adecuadas a cada caso. En definitiva, preténdese que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas potencialidades e adquiera un interese pola investigación e a perseveranza na búsqueda das solucións a calquera situación problemática que se lle presente.

CONTEXTO DO CENTRO:

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está localizado na zona urbana de Narón (provincia de A Coruña). O contexto socioeconómico e cultural do barrio onde se ubica é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. No nivel de 5º de Educación Primaria hai matriculados 18 alumnos/as distribuídos nun único grupo: 5ºA.

Este grupo está iniciados na metodoloxía ABN de aprendizaxe das matemáticas coa que se continuará no presente curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números e operacións	<p>Neste unidade didáctica traballarase a numeración con números naturais ata as centenas de millón; lectura, escritura e descomposición. Operacións básicas de suma, resta, sumirrestas e dobles sumas ou dobles restas.</p> <p>Diferentes algoritmos para a resta e a suma: posicional, por detracción ou con escaleiras.</p> <p>A divisibilidade dos números naturais.</p> <p>Múltiplos e divisores.</p>	20	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números e operacións	<p>A multiplicación posicional e a división exacta e enteira.</p> <p>Estratexias para axilizar o cálculo mental.</p> <p>Operacións combinadas de suma, rsta, multiplicación e división. Prioridade das operacións.</p> <p>Estratexias para resolver problemas nos que interveñan varias operacións con números naturais: problemas de cantidades, de idades,</p> <p>Introdución aos problemas de mínimo común múltiplo e máximo común divisor</p>	20	25	X		
2	Os números decimais	<p>Nesta unidade traballarase cos números decimais: significado, lectura, escritura, comparación e redondeo.</p> <p>Operacións con números decimais: suma, resta, produto e división.</p> <p>Patróns na multiplicación e na división con decimais.</p> <p>Problemas coa cesta da compra nos que haxa que facer estimacións e redondeos ou cálculos exactos das cantidades a pagar.</p> <p>Consumo responsable.</p>	20	25	X		
3	Unidades de medida	<p>Traballarase coas unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade) e do sistema sesaxesimal (ángulos e medida do tempo), establecendo relacións entre o sistema decimal e as unidades de medida.</p> <p>Estimacións de medidas, realización de medicións con instrumentos adecuados.</p> <p>Estratexias para a resolución de problemas que impliquen o coñecemento das equivalencias entre as diferentes medidas dunha mesma magnitude.</p>	15	20		X	
4	As fraccións	<p>Nesta unidade ampliarase o concepto de fracción xa estudado en cursos anteriores e a súa relación co número decimal e as porcentaxes.</p> <p>Compararanse e ordearanse fraccións con igual e diferente denominador aplicando o aprendido na unidade 1 sobre múltiplos e divisores.</p> <p>Resolveranse problemas variados nos que interveñan operacións de suma e resta de fraccións e problemas de cálculo de aplicación de porcentaxes (rebaixas, descontos. votacións...).</p>	15	25		X	
5	Xeometría	<p>Nesta unidade veremos as figuras xeométricas de dúas e tres dimensións: Clasificación, elementos, composición e descomposición de corpos xeometricos;</p>	15	25			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Xeometría	<p>cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.</p> <p>Tamén se estudarán os sistemas de representación en planos e mapas por medio da representación de puntos no primeiro cadrante do sistema de coordenadas cartesianas: localización dun tesouro, localización de países, elaboración dun plano...</p> <p>Por último veremos neste tema os movementos e transformacións no plano: escalas, simetrías, semellanzas e xiros.</p>	15	25			X
CA4.6 - Modelizar situacións da vida cotiá utilizando, de forma pautada, principios básicos do pensamento computacional.	Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Utilizar de xeito guiado ferramentas tecnolóxicas adecuadas na resolución de problemas.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie. - Magnitude - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación. - Estimación e relacións - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.

Contidos

- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.
- Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros).
- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram² e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con explicación do proceso.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso seguido.
- Localización e sistemas de representación
 - Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais) e indicación relativa de distancias en soportes físicos e virtuais.
 - Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa³), identificando utilidades habituais.
 - Elaboración de itinerarios sinxelos en planos, bosquexos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá.
- Movementos e transformacións
 - Identificación de figuras transformadas en situacións da vida cotiá, observando translacións e simetrías.
 - Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, realización de predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo.
 - Identificación de figuras semellantes (ampliacións, reducións) en situacións da vida cotiá.
 - Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
 - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados.
 - Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
 - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver.
 - Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
 - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Patróns
 - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes,

Contidos

- con anticipación ou extensión da secuencia.
- Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes.
- Modelo matemático
 - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
 - Obtención de datos sinxelos descoñecidos representados por medio dun símbolo ou completado de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
 - Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais.
- Crenzas, actitudes e emocións.
 - Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
 - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
 - O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
 - Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
 - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.
 - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
 - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
 - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
 - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
 - Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula.
 - Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
6	Estadística e probabilidade	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	PE	60
CA4.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA5.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.		
CA5.3 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Elixir ferramentas tecnolóxicas adecuadas para a resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA5.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA5.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA5.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Relacionar as matemáticas con outras áreas e a vida cotiá.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsabilmente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución de conflitos.	TI	40
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos comprendendo a mensaxe.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estimación e relacións - Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas. - Modelo matemático - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado. - Pensamento computacional - Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais. - Organización e análise de datos - Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar. - Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas; uso desa información na resolución de problemas. - Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.

Contidos

- Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos (enquisas, medicións, observacións) de maneira individual ou en equipo para aplicar en situacións contextualizadas.
- Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras e histograma), con emprego de recursos tradicionais e tecnolóxicos e elección do máis adecuado á situación.
- Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda en resolución de problemas en contextos cotiáns.
- Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.
- Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas.
- Incerteza
 - Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas
 - Investigación sobre a contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
- Inferencia
 - Coñecemento da necesidade de mostras cando a poboación é moi grande, procura de exemplos de estudos con mostras no contexto cotián.
 - Crenzas, actitudes e emocións.
 - Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
 - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
 - O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
 - Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
 - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.
 - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
 - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
 - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
 - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
 - Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
 - Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula.
 - Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática,

Contidos

- responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias.

Plantexaranse tarefas ou situacións-problema que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos matemáticos, destrezas, actitudes e valores e da metodoloxía abn. Así mesmo, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo, terase en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.

Tratarase de potenciar activamente a implicación das familias nos proceso de ensino- aprendizaxe, xa que a súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

Durante o mes de setembro levarase a cabo a avaliación inicial dos alumnos/as e realizaranse tarefas de repaso do curso anterior, fundamentalmente relacionadas coas estratexias de cálculo numérico (cálculo mental, multiplicacións e divisións pola unidade seguida de ceros, repartos igualitarios, a resta como escaleira ascendente ou descendente...), a automatización de algoritmos das operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división entre dúas cifras) e os procedementos de resolución de problemas de números naturais. O resto do trimestre, unha vez afianzados os contidos de repaso, continuaremos abordando os contidos curriculares recollidos nesta programación.

1.- Agrupamento do alumnado

Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade e a mediación de conflitos. Segundo as características e necesidades do alumnado e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área os tipos de agrupamentos máis empregados serán:

Gran grupo

Pequeno grupo

Equipos de traballo cooperativo

Grupos de actividade

Cando a realización de actividades requira agrupamentos específicos (pequeno grupo, equipos...), estes dispoñeranse dentro da aula.

2.- Organización dos espazos

Poderanse organizar actividades en torno a varios espazos:

- Espazos propios do grupo aula: tendo en conta mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc. Ao rematar a clase o material e os espazos deben quedar ordenados como estaban.

- Espazos compartidos polo alumnado: biblioteca, aula de informática. Neste caso respectaranse as normas xerais de utilización de espazos compartidos.

3.- Organización dos tempos

As previsións de traballo na aula deben axustarse realmente ao tempo dispoñible para cada sesión de traballo, sendo flexible na medida do posible. Dentro do horario do desenvolvemento da materia tamén se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro propostas polo Equipo de Biblioteca e polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno do alumnado
Fichas de reforzo e ampliación
Materiais dixitais asociados a cada unidade
Aula virtual
Material manipulable polo alumnado
Xogos de mesa
Fichas de autoavaliación en liña
Calculadora
Material propio de cada alumno/a

Caderno do alumnado: cada alumno/a terá un caderno de traballo para realizar as actividades que se propoñan de cada UD e no que pegarán os contidos teóricos correspondentes a cada UD (definicións, algoritmos, teoremas...).

Fichas de reforzo e ampliación: para cada UD o alumnado terá a súa disposición actividades de reforzo ou de ampliación dos contidos traballados en cada UD según sea o caso.

Materiais dixitais asociados a cada unidade: para cada UD o alumnado contará con vídeos explicativos da materia, láminas, fotografías... que servirán para reforzar os contidos traballados na aula.

Aula virtual: Cada UD contará cunha estrutura propia na aula virtual que servirá como guía para o traballo diario do alumnado, tanto na casa como na clase. A estrutura será a seguinte:

TEORÍA

ACTIVIDADES DE NUMERACIÓN

ACTIVIDADES DE CÁLCULO

PROBLEMAS

PROXECTOS

ACTIVIDADES DE REPASO (REFORZO E AMPLIACIÓN)

CORRECTORES DAS ACTIVIDADES

APRENDER XOGANDO (xogos ou actividades en liña)

Material manipulable polo alumnado: caixa con palillo, moedas e billetes , táboas de multiplicar (para o alumnado de necesidades educativas), táboas para a composición e descomposición de números enteiros e decimais, táboas para o cambio de unidades de medida...

Xogos de mesa: xadrez, cartas, scrabble..

Fichas de autoavaliación en liña: na Aula Virtual , ao finalizar cada UD, os alumnos/as poderán completar estas fichas para autoavaliar o grao de interiorización dos contidos dados.

Calculadora para a comprobación dos cálculos en problemas e exercicios.

Material propio de cada alumno/a:xogo de regras , compás e semicírculo para a medida de ángulos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o mes de setembro levarase a cabo a avaliación inicial dos alumnos/as e realizaranse tarefas de repaso do curso anterior, fundamentalmente relacionadas coas estratexias de cálculo numérico (cálculo mental, multiplicacións e divisións pola unidade seguida de ceros, repartos igualitarios, a resta como escaleira ascendente ou descendente...), a automatización de algoritmos das operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división entre dúas cifras) e os procedementos de resolución de problemas de números naturais. O resto do trimestre, unha vez

afianzados os contidos de repaso, continuaremos abordando os contidos curriculares recollidos nesta programación.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial facilita a valoración dos coñecementos previos, das capacidades e das actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Instrumentos para a realización da avaliación inicial:

A) PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Informe final das capacidades do alumnado no 4º curso de primaria.

Informe de 4º curso de primaria das competencias acadadas polo alumnado.

Entrevista co profesorado do curso anterior (sempre que sexa posible).

Entrevista coas familias do alumnado

B) PARA UNHA VALORACIÓN MÁIS CUALITATIVA DOS COÑECEMENTOS PREVIOS :

Fichas individualizadas de avaliación inicial da materia.

MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Desenvolveranse axustes curriculares segundo as necesidades individuais do alumnado como consecuencia dos resultados da avaliación inicial. Tamén se terá en conta a situación emocional das nenas e nenos tras a situación vivida nos últimos anos.

Adoptaranse medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

A) MEDIDAS METODOLÓXICAS:

Atención máis individualizada dos alumnos e alumnas.

Deseño de actividades adaptadas ás capacidades dos alumnos e alumnas.

Potenciar o traballo individual e a autonomía no desempeño das actividades.

B) MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

Reforzos en pequeno grupo (2 ou 3 alumnos/as máximo) fóra ou dentro da aula a cargo do/a especialista en PT .

Reforzos individuais dentro da aula a cargo dun mestre ou mestra de apoio en estreita colaboración co especialista da área.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	15	15	15	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Esta avaliación será tanto cuantitativa coma cualitativa e efectuarase nos seguintes termos:

Insuficiente (IN): 1, 2, 3 ou 4; Suficiente (SU): 5; Ben (BE): 6; Notable (NT): 7 ou 8; Sobresaliente (SB): 9 ou 10.

En cada avaliación terase en conta aspectos actitudinais, o traballo diario de clase (cadernos, fichas, traballos, exposicións...) e exames ou probas de contidos tanto orais como escritas. Para valorar o traballo de clase e os aspectos actitudinais utilizaranse como instrumentos as táboas de indicadores que poderán ser rúbricas ou escalas de valoración.

A importancia de cada un destes aspectos no cálculo final da cualificación vén dado pola seguinte porcentaxe:

ASPECTO AVALIABLE PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN

Aspectos actitudinais 10%

Traballo de clase 30%
Probas escritas 60%
TOTAL 100%

A cualificación final do curso na materia calcularase tendo en conta os resultados acadados en cada unha das avaliacións e o traballo global do curso:

TRIMESTRES PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN

1º trimestre 40%

2º trimestre 30%

3º trimestre 30%

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento				X		X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X	X		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo - sexual					X	X

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais. Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Carreira polo barrio da Magdalena de Ferrol.	Carreira para conmemorar o Día mundial da reanimación cardiopulmonar. Esta actividade ten relación coa unidade didáctica dos números decimais e as unidades de medida.	X		
Visita ao Muíño de Pedroso.	Obradoiros e actividades relacionadas co medio ambiente no contorno natural do Muíño de Pedroso.	X		
Obradoiro de nutrición.	Obradoiro sobre a nutrición relacionado coa unidade didáctica da medida.	X		
Coñece o teu Concello.	Itinerarios didácticos polo Concello, relacionado coa temática de interpretación de planos e utilización de escalas.		X	
Visita ao Domus ou ao Muncyt.	Visitas aos museos de A Coruña, onde se farán actividades relacionadas con todas as materias, entre elas, coas matemáticas.		X	
Visitamos outras bibliotecas.	Nesta actividade visitaremos a aula de lectura de A Gándara e a súa biblioteca. Poderemos facer comparacións coa nosa e ver que aspectos podemos mellorar.			X
Saída fin de curso a Gandarío.	Convivencia de todo o colexio no albergue xuvenil de Gandarío (A Coruña).			X

Observacións:

Todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.

Ademais destas visitas programadas ao principio de curso faranse todas aquelas ofertadas que teñan interese para o noso alumnado ou resulten significativas en relación coa súa aprendizaxe.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos/as.
Prantexo actividades que aseguran a adquisición das competencias clave previstas (obxectivos, habilidades e técnicas instrumentais correspondentes).
Propoño aos meus alumnos/as actividades variadas (de introdución, de motivación, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e os traballos en grupo.
En caso de obxectivos suficientemente alcanzados en curto espazo de tempo propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.

Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e, en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación na que teño en conta o informe final do titor anterior, o de outros profesores, o do Departamento de Orientación.
Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas, dos temas
Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
Metodoloxía empregada
Prantexo situación introductorias previas ao tema que se vai tratar.
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias.
Comunico a finalidade das aprendizaxes, da súa finalidade e aplicación real.
Distribúo o tempo adecuadamente (breve tempo de exposición e o resto para as actividades que os alumnos realizan na clase).
Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos/as comprenderon a tarefa que teñen que realizar.
Facilito estratexias de aprendizaxe: solicitar axuda, buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, ánimos, participación?
Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos/as: explicacións adicionais, dando pistas, feedback?
Reviso e corrijo frecuentemente os contidos e actividades propostas.
Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas, favorecendo os procesos de autoavaliación.
No caso de obxectivos insuficientemente alcanzados, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
Corrijo e explico sistematicamente os traballos e actividades dos alumnos/as e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos, etc.
Utilizo recursos didácticos variados.
Clima de traballo na aula
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos/as e acepto suxestións e aportacións.
As relacións que establezo cos meus alumnos/as dentro da aula e as que estes establecen entre si, son correctas, fluídas e desde perspectivas non discriminatorias.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado do nivel.
Coordínome con outros profesionais (PT, AL, Orientador) para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.
Outros
Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos dos resultados da avaliación.

Descrición:

Cada indicador valorarase cunha escala de 1 ao 4 coa seguinte descrición:

- 1: insuficiente
- 2: mellorable
- 3: bo
- 4: óptimo

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade do CEIP Virxe do Mar os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise.
- creación e interpretación.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social. O CEIP Virxe do Mar é un centro situado na zona urbana de Narón. O centro consta de doce unidades, tres de Educación Infantil e nove de Educación Primaria.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 8 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 5º primaria, contempla este nivel como esa transición, especialmente no 1º trimestre.

Por último, tendo en conta o difícil contexto COVID, e en coordinación co Departamento de Orientación (DO) deste centro no seu Plan de Benestar Emocional esta PD pretende, ademais, facilitar ao alumnado ferramentas para a súa resiliencia; e que mellor que facelo a través do dito: "quen canta os seus males espanta". a vertebrada a vida diaria de todos os seres humanos. Temos música asociada a casi cada acto vital. Reconocela, saber apreciála e poder implicarse nela, debe de ser inherente ó ser humano. É por elo, que debemos ensinala na Educación Primaria. Alén desta condición vertebradora, a música terá un papel fundamental para o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. É por iso, que nos axudará como elemento de cohesión do currículo entre as diferentes materias e favorecerá a presenza de elementos transversais.

A PD preséntase como un proceso de reflexión individual do docente ante un proceso de ensino e aprendizaxe entorno a tres puntos: o que se planea (programación), o que se realiza (accións) e o que se avalía. Non obstante avalíanse os dous primeiros puntos deste esquema tripartito, tentando corraxir as posibles carencias do sistema, que tende así a retroalimentarse co fin último de conseguir un efectivo proceso de aprendizaxe.

A PD preséntase como un proceso de reflexión individual do docente ante un proceso de ensino e aprendizaxe entorno a tres puntos: o que se planea (programación), o que se realiza (accións) e o que se avalía. Non obstante avalíanse os dous primeiros puntos deste esquema tripartito, tentando corraxir as posibles carencias do sistema, que tende así a retroalimentarse co fin último de conseguir un efectivo proceso de aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.	1-5	3	1-2	1-3	3	1	2	1-2-3
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.	1-3	1	4	3			3	2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	1-3	1	1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1-5			2-3-4	1-5	2	1-3	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvida musical.	Comunicamos, expresamos, xogamos e representamos. Ritmo corporal, movemento e linguaxe.	11	4	X		
2	O outono chegou: o Samaín.	Instrumentos, o son, grafías musicais. Cantamos e xogamos co ritmo.	14	5	X		
3	O Nadal en Galicia.	Folclore galego. Escoitamos, cantamos e bailamos panxoliñas.	11	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O inverno.	Calidades do son, elementos musicais. Comentamos audicións. Música para a paz.	11	4		X	
5	O triángulo máxico do entroido.	Profesións musicais, os instrumentos. Folclore galego.	11	4		X	
6	Rexurdimento musical.	Notas e grafías musicais. Creamos música. Discriminación auditiva.	12	4		X	
7	Os maios e as letras galegas.	O son, notas e grafías. Bailes musicais.	15	5			X
8	O verán e despedida.	Cantamos, bailamos e xogamos segundo a música.	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvida musical.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	TI	100
ET.5 - Emprendemento: a música facilita o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, a través da interpretación grupal e individual de pezas musicais e danzas, e a través da escoita activa das producións propias e das alleas. Estas actividades implican aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Educación cívica e constitucional: potenciarase a través de distintas actividades nas que sepoña en valor a importancia da música como elemento fundamental da nosa identidade cultural e da transmisión dos principios sociais de xustiza, igualdade, fraternidade, democracia. Igualmente, partirase do traballo en grupo para fomentar os valores democráticos, a tolerancia, o respecto.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Un dos principios en que se inspira o sistema educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Estes e outros aspectos han de abordarse de xeito transversal a todas as disciplinas, tendo a Educación Musical un papel destacado na transmisión dos seguintes elementos que se detallan.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Taller de lutería	o alumnado poderá iniciarse na construción de instrumental con materiais ó seu alcance.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas e proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporización das unidades didácticas/temas/proxectos.
O desenvolvemento da programación respostou á secuenciación e á temporización previstas.
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
Asignación a cada estándar do peso correspondente na calificación.
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.

Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Descrición:

Debido ó carácter interrelacionado do proceso de ensinanza aprendizaxe, o profesor debe revisar a cotío a súa labor docente en relación ós resultados acadados responden ou no ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os niveis afectados implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida que todos os participantes aporten o mellor de si mesmos.

As propostas de mellora da programación se realizarán atendendo ós resultados que mostre a práctica diaria de aula e a avaliación mediante a táboa de indicadores de logro; según eles, se realizarán cambios e modificacións para axustar a práctica docente. De esa forma poderemos adecuarnos mellor ó alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento resultará do diario de aula, onde se recollerá a práctica docente, anotando todas as actividades que se leven a cabo e a resposta do alumnado ante as mesmas. A avaliación afecta a todos os niveis do proceso educativo, e será máis enriquecedora na medida que tódos os participantes aporten o mellor de si mesmos. As propostas de mellora faranse atendendo ós resultados que se reflectan nas prácticas diarias de aula e mediante os resultados achegados na táboa de indicadores de logro. Segundo eles, realizaranse os cambios oportunos e as modificacións necesarias para axustar a práctica docente. Deste xeito, poderémonos adecuar mellor ó alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A programación da área de Proxecto Competencial está enfocada ao desenvolvemento das totalidade das competencias a través da realización de tres proxectos interdisciplinarios e significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas. Ao mesmo tempo trátase de reforzar a autoestima, aumentar a autonomía e a reflexión crítica.

En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	1-3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-2-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-2-5	2-3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Choiva de emocións!	Nesta unidade didáctica afondamos nas preocupacións e intereses deste novo curso .Coñecerán a súas potencialidades e os seus medos. A través de actividades dinámicas e motivadoras.	30	5	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Coidemos a nosa contorna.	Levamos a cabo un proxecto acerca do coidado e respecto dos animais domésticos.	30	12	X	X	
3	Nós e os hábitos saudables!	Nesta unidade traballarase un proxecto para concienciar da importancia de adquirir e desenvolver hábitos saudables na vida cotiá.	40	18		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Choiva de emocións!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Valorar o labor das organizacións da contorna a favor dos animais.	É quen de identificar un beneficio da existencia da organización.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Difere a información relevante da que non é.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Cumplimenta todos os pasos necesarios para executar o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propón unha solución ante un conflito dentro do grupo.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	É capaz de seguir o calendario das tarefas.		
CA2.2.1. - Ser capaz de diferenciar as emocións propias e alleas.	Recoñece as propias emocións e a dos e das compañeiros/as.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Usa axeitadamente a maioría dos recursos e materiais.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	É quen de comunicar os problemas xurdidos.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Comenta un resultado do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	É quen de explicar oralmente o proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Pronuncia coa dicción axeitada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enzalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega a linguaxe non verbal como os xestos nas exposicións.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Controla as diferentes emocións dentro e fóra da aula.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Usa os medios TIC para comunicar resultados.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.		Baleiro	0
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Tarro das emocións, cariñograma, xogo de roles e mímica. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Coidemos a nosa contorna.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	É capaz de poñer un exemplo da importancia de adoptar unha mascota.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Explica tres recursos ou materiais que empregou para realizar o proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Difere a información relevante da que non é.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	É quen de facer as tarefas completas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propón unha solución ante un conflito dentro do grupo.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Entrega as tarefas no tempo establecido.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Argumenta a utilidade da asociación de animais.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utiliza de xeito correcto a maioría dos materiais.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Reflexiona sobre a realización das tarefas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Comenta as dificultades encontradas nas tarefas.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Realiza unha exposición oral dos resultados obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe correcta e adecuada a idade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Axúdase de xestos nas interaccións verbais.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Controla as emocións nas diferentes situacións.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Usa os recursos TIC nas tarefas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Nós e os hábitos saudables!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Valorar o labor das organizacións da contorna a favor dos animais.	É quen de formular unha cuestión a profesional.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Participa na choiva de ideas e emprega diversos materiais.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	É quen de realizar unha actividade creativa coa información contida.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Segue os prazos establecidos.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	É capaz de indagar unha solución ante situacións de conflito.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Achega dúas ideas no tempo establecido.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Reflexiona sobre os seus pensamentos dando dous argumentos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Indaga recursos e emprega materiais variados: rotuladores, lápiz, cortolinas ou témperas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Propón dúas solucións ante problemas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Comenta os resultados a través dun cuestionario.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Da a coñecer a súa opinión diante dos seus compañeiros/as.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Fai un uso axeitado da lingua.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Acompañase de xestos na interacción.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	É quen de controlar as emocións propias e alleas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega o ordenador de forma correcta.		
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

Contidos

- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Menú escolar, pirámide alimenticia e receita.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.
- Uso da páxina web da asociación de animais da contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa e participativa. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Primando o traballo oral.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo. Do mesmo xeito levase a cabo a aprendizaxe servizo ao asistir a unha asociación de animais da contorna.

A través da realización dos tres proxectos significativos oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática mediante o coidado dunha mascota así como fomentar hábitos saudables que son moi fundamentais nestas idades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Emprego de recursos didácticos variados: materiais de reciclaxe, refugallo ou de oficina.

A aula usada para a impartición de Proxecto Competencial neste centro é a aula base. Conta cunha pizarra dixital interactiva, un ordenador persoal, canón, a pizarra e un encerado. Ao estar un número pequeno de alumnado, queda un espazo amplo que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades. Máis temos previsto acudir algunha sesión a outros espazos como a biblioteca, a outra aula de quinto, o comedor ou mesmo saír do centro.

O material empregado está dentro da aula, estanterías con material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza do estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as dúas primeiras sesións de curso realizamos actividades encamiñadas a pescudar os coñecementos previos do alumnado, as súas preocupacións e inquietudes deste novo curso, afondando nas emocións así como explicar o traballo por proxectos. Para elo apoiámonos no uso dun cuestionario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da presente programación didáctica serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores. Dela levarase un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbricas, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral distribúese do seguinte xeito:

70% tarefas do traballo diario: tarefas orais, tarefas escritas ou tarefas vencelladas ás TIC.
30% participación na aula, comportamento e interese cara a área.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%
-2º trim. 30%
-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-Se o decimal estivera entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
-Se o decimal estivera entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Criterios de recuperación:

É posible recuperar o trimestre permitindo facer novamente as tarefas.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe que temos presentes na aula levaremos a cabo:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

Disporase do tempo que precisen para realizar as tarefas.
Teremos en conta variedade de instrumentos de avaliación.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde.		X	X
ET.3 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X	X
ET.4 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X
ET.8 - Risco derivados da utilización das TIC.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao centro sociocomunitario	Implicar na labor social e comunitaria do concello			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elabórase un cuestionario ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecúase a programación ás características do alumnado.
Máis do 80% do alumnado tivo cualificación positiva na área.
Metodoloxía empregada
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.

Medidas de atención á diversidade
Levaronse a cabo diferentes medidas de atención á diversidade ordinarias.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Logrouse participación da comunidade educativa.

Descrición:

Os indicadores de logro desenvolveranse tendo en conta diferentes instrumentos de avaliación como son as rúbricas ou cuestionarios.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a programación didáctica. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da programación no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás unidades didácticas: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da programación con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

3. Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponse cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropológico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1	2			1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Iguais e diferentes! Así somos!	Traballaremos a Creación desde a perspectiva dun mundo en igualdade de condicións para todos e todas, onde prime o respecto polas persoas como dereito	14	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Iguais e diferentes! Así somos!	fundamental do ser humano, que fomos creados a imaxe e semellanza de Deus	14	5	X		
2	Amigos e veciños!	Participamos en accións solidarias e de servizo á comunidade. Valor de responsabilidade en igualdade Personaxes amigos de Deus	14	5	X		
3	Chega o Nadal ao noso Concello!	O nacemento de Xesús alegra o corazón das persoas. Os reis Magos. A riqueza cultural do Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belen) Paxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico	18	6	X		
4	Amo a miña familia e o mundo que me rodea!	Lazos de amor Compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	14	5		X	
5	Quen é? Que me namora Que fai Xesús?	A riqueza das obras de misericordia. Xesús: Mandamento do Amor A beleza do perdón Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua	14	5		X	
6	Igrexa/s e Biblia. Grandes valores para os cristiáns	A/s igrexa/s e a Biblia, expresión da riqueza cultural do cristián. Interculturalidade. Reflexionamos sobre o principio de ética cristiá na contorna social e virtual Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	14	5			X
7	Celebramos a festa da vida!	Unidos a Deus celebramos a Vida cos Sacramentos Finaliza o curso, expresión de alegría coas festas e os amig@s!	12	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Iguais e diferentes! Así somos!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	PE	16
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	TI	84
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - María, modelo de crente. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
2	Amigos e veciños!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto a dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo	PE	14
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade	TI	86
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliña para ir visitar aos maiores do xeriátrico)		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razona, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo máis humano e igualitario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - achega do cristianismo. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
3	Chega o Nadal ao noso Concello!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade	TI	100
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula (panxoliña para ir visitar aos maiores do xeriátrico)		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade; desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
